

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2024/5

DATA: xoves 4 de abril de 2024

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:08 h

HORA DE REMATE: 22:25 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA ACCIDENTAL VANESSA REBOREDO FRAGA, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
SARELA BETANZOS FREIRE
PP
ANTONIO ISORNA VICENTE
RAMÓN VICENTE VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
MARÍA ELENA ABUIN CAROU
JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE
PSdeG-PSOE
OSCAR RIAL LAGO
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO
TAMARA GARCIA MUÑIZ
Rianxo en Común
JULIO ALCALDE HERMO
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO

AUSENTES

PSdeG-PSOE
MARÍA ELENA OTERO OTERO
Rianxo en Común
JOSÉ ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 4/2024 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 29/02/2024
2. APROBACIÓN DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN DO CONCELLO DE RIANXO
3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DEDICACIÓNS PARCIAIS

PARTE DE CONTROL

4. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
5. DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2025-27 (POMP 2025-27)
6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: AMOSAR O REXEITAMENTO DESTE CONCELLO AO PROXECTO DE INDUSTRIA TÉXTIL A BASE DE CELULOSA QUE SE PRETENDE INSTALAR NO CONCELLO DE PALAS DE REI, POLA SÚA AFECCIÓN AO MEDIO AMBIENTE DO ULLA E DA RÍA DE AROUSA
7. ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:

de7e0a7832a5b62cf9d9bd2dc8694cb0e5968db8cd36bf3c2b62aa13ace69e6a

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=aaj1FVHbxOA>

ACORDOS

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTA Nº 4/2024 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 29/02/2024

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 4/2024 de 29/02/2024.

Propónse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/02/2024, Acta nº 4/2024.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

2. APROBACIÓN DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN DO CONCELLO DE RIANXO

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e especialmente no seu artigo 156, establecen a necesidade de aprobar unha política de seguridade na utilización de medios electrónicos no ámbito de actuación do sector público.

O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e garantía de dereitos dixitais, establecen a necesidade de adoptar medidas de seguridade técnicas e organizativas, e que no caso do sector público en xeral, son derivadas pola Disposición Adicional Primeira da citada Lei Orgánica ás medidas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.

En aplicación do Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, é obriga do Concello a protección da información tratada e dos servizos prestados, polo que debe implantar unha serie de medidas de seguridade que se aplicarán tanto no marco organizativo, como no operacional e de protección, entre as que se atopa a aprobación da Política de Seguridade da Información.

Esta Alcaldía, na Resolución núm. 255/2024 do 15/03/2024, estableceu a organización da seguridade da información no Concello de Rianxo, considerando as esixencias establecidas no Real Decreto polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS), no relativo á

organización da Seguridade, e as particularidades e estrutura da nosa entidade local, velando en todo caso pola seguridade diferenciada, de acordo co disposto no artigo 13, organización e implantación do proceso de seguridade, creándose os roles de seguridade e atribuíndo funcións a persoas ou órganos do Concello.

Polo que, de acordo co disposto coa potestade de auto-organización da entidade, recoñecida no artigo 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, co asesoramento da Oficina Técnica de Ciberseguridade da Deputación Provincial da Coruña, e tendo en conta o establecido no Real Decreto 311/2022 do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO. Aprobar a Política de Seguridade da Información do Concello de Rianxo que se recolle no Anexo deste acordo, e publicala no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica Municipal para xeral coñecemento.

ANEXO

POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN DO CONCELLO DE RIANXO

1. INTRODUCCIÓN

O Concello de Rianxo depende dos sistemas TIC (Tecnoloxías da Información e das Comunicacións) para acadar os seus obxectivos, exercer as súas competencias e prestar os servizos que ten atribuídos. Estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, adoptando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados que poidan afectar á dispoñibilidade, integridade ou confidencialidade da información tratada ou os servizos prestados.

O obxectivo da seguridade da información é garantir a confidencialidade, integridade, autenticidade e trazabilidade da información xunto coa prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

Os sistemas TIC deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, uso previsto e valor da información e os servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións da contorna para garantir a prestación continua dos servizos. Isto implica que os departamentos deben aplicar as medidas mínimas de seguridade esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade, así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades reportadas, e preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

Os diferentes departamentos deben asegurarse de que a seguridade TIC é unha parte integral de cada etapa do ciclo de vida do sistema, desde a súa concepción ata a súa retirada de servizo, pasando polas decisións de desenvolvemento ou adquisición e as actividades de explotación. Os requisitos de seguridade e a valoración do seu custo deben ser identificados e incluídos na planificación, na solicitude de ofertas, e en pregos de licitación para proxectos de TIC.

2. OBXECTIVOS DO CONCELLO DE RIANXO

O Concello de Rianxo, para a xestión dos seus intereses e das funcións e competencias que ten atribuídas en diferentes normas e convenios, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza. Para iso, pon á disposición da cidadanía a realización de trámites en liña co obxectivo de impulsar a tramitación electrónica dos procedementos administrativos, a mellora na prestación dos servizos e a participación da cidadanía nos asuntos públicos establecendo, deste xeito, novas vías de participación que garanten o desenvolvemento da democracia participativa e a mellora da eficacia e eficiencia da acción pública.

Por outra banda, deséxase potenciar o uso das novas tecnoloxías no concello e na propia cidadanía. Os principais obxectivos que se perseguen entre outros son: fomentar a relación electrónica da cidadanía co concello, e crear a confianza necesaria entre a veciñanza e o concello nesta relación.

3. ALCANCE

Esta política aplicarase aos sistemas de información do Concello de Rianxo que están relacionados co exercicio de dereitos por medios electrónicos, co cumprimento de deberes por medios electrónicos ou co acceso á información ou ao procedemento administrativo e que se atopan dentro do ámbito de aplicación do Esquema Nacional de Seguridade (ENS).

4. MARCO NORMATIVO

A base normativa que afecta ao desenvolvemento das actividades e competencias do Concello de Rianxo no que á administración electrónica se refire, e que implica a implantación de forma explícita de medidas de seguridade nos sistemas de información, está constituída pola seguinte lexislación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

- Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.
- Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.
- Resolución do 13 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade.
- Resolución do 7 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de Informe do Estado da Seguridade.
- Resolución do 27 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de Auditoría da Seguridade dos Sistemas de Información.
- Resolución do 13 de abril de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de Notificación de Incidentes de Seguridade.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, RGPD).
- Lei 36/2015, do 28 de setembro, de Seguridade Nacional.
- Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza.
- Regulamento (UE) N° 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e os servizos de confianza nas transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE (regulamento eIDAS).
- Real Decreto 1308/1992, do 23 de outubro, polo que se declara ao Laboratorio do Real Instituto e Observatorio da Armada, como Laboratorio depositario do patrón nacional de Tempo e Laboratorio asociado ao Centro Español de Metroloxía.
- Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

- Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre a reutilización da información do sector público.
- Real Decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula o documento nacional de identidade e os seus certificados de firma electrónica.
- Lei 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.
- Lei 56/2007, do 28 de decembro, de Medidas de Impulso da sociedade da información.
- Real Decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.
- Real Decreto 1495/2011, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre a reutilización da información do sector público, para o ámbito do sector público estatal.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro electrónico de facturas no sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril.
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (arquivo).
- Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións (vixente nos apartados sinalados na disposición derogatoria única da Lei 11/2022, do 28 de xuño).
- Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Lei 11/2022, do 28 de xuño, xeral de telecomunicacións (segundo prazos entrada en vigor de disposición desta lei).

- Ordenanza municipal para a regulación da administración electrónica municipal aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 27 de abril de 2023.
- Decreto de aprobación da Política de sinatura electrónica do Concello de Rianxo, de 2024.

Tamén forman parte do marco normativo, entre outras, as restantes normas aplicables á Administración Electrónica do Concello de Rianxo derivadas das anteriores e publicadas nas sedes electrónicas comprendidas dentro do ámbito de aplicación desta Política.

O mantemento do marco normativo será responsabilidade do Concello de Rianxo e manterase nun Anexo a este documento, que incluírá as instrucións técnicas de seguridade de obrigado cumprimento, publicadas mediante resolución da Secretaría de Estado de Administracións Públicas e aprobadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e aprobadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a proposta do Comité Sectorial de Administración Electrónica e a iniciativa do *Centro Criptolóxico Nacional (CCN)* tal e como se establece no Real Decreto.

Así mesmo, o Concello de Rianxo tamén será responsable de identificar as guías de seguridade do CCN, que serán de aplicación para mellorar o cumprimento do establecido no Esquema Nacional de Seguridade.

5. CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MÍNIMOS DE SEGURIDADE

O Concello de Rianxo, para lograr o cumprimento do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, que recolle os principios básicos e dos requisitos mínimos, implementou diversas medidas de seguridade proporcionais á natureza da información e dos servizos a protexer e tendo en conta a categoría dos sistemas afectados.

A seguridade como un proceso integral e mínimo privilexio

A seguridade enténdese como un proceso integral constituído por todos os elementos técnicos, humanos, materiais, xurídicos e organizativos, relacionados co sistema. A aplicación do Esquema Nacional de Seguridade ao Concello de Rianxo estará presidida por este principio, que exclúe calquera actuación puntual ou tratamento conxuntural.

Prestarase a máxima atención á concienciación das persoas que interveñen no proceso e ás súas responsables xerárquicas, para evitar que a ignorancia a falta de organización e coordinación ou as instrucións inadecuadas constitúan fontes de risco para a seguridade.

Os sistemas de información deben deseñarse e configurarse outorgando os mínimos privilexios necesarios para o seu correcto desempeño, o que implica incorporar os seguintes aspectos:

- O sistema proporcionará a funcionalidade imprescindible para que a organización acade os seus obxectivos competenciais ou contractuais.
- As funcións de operación, administración e rexistro de actividade serán as mínimas necesarias, e asegurarse que só son desenvolvidas polas persoas autorizadas, desde emprazamentos ou equipos asemade autorizados, podendo esixirse, no seu caso, restricións de horarios e puntos de acceso facultados.
- Nun sistema de explotación eliminaráanse ou desactivaránse, mediante o control da configuración, as funcións que sexan innecesarias ou inadecuadas ao fin que se persegue. O uso ordinario do sistema ha de ser sinxelo e seguro, de forma que unha utilización insegura requira dun acto consciente por parte do usuario.
- Aplicaranse guías de configuración de seguridade para as diferentes tecnoloxías, adaptadas á categorización do sistema, para o efecto de eliminar ou desactivar as funcións que sexan innecesarias ou inadecuadas.

Vixilancia continua, avaliación periódica e integridade, actualización do sistema e mellora continua do proceso de seguridade

A vixilancia continua por parte do Concello de Rianxo permitirá a detección de actividades ou comportamentos anómalos e a súa oportuna resposta.

A avaliación permanente do estado da seguridade dos activos permitirá medir a súa evolución, detectando vulnerabilidades e identificando deficiencias de configuración.

As medidas de seguridade avaliaranse e actualizaranse periodicamente, adecuando a súa eficacia á evolución dos riscos e os sistemas de protección, podendo chegar a unha reformulación da seguridade, se fose necesario.

A inclusión de calquera elemento físico ou lóxico no catálogo actualizado de activos do sistema, ou a súa modificación, requirirá autorización formal previa.

A avaliación e monitorización permanentes permitirán adecuar o estado de seguridade dos sistemas atendendo ás deficiencias de configuración, as vulnerabilidades identificadas e as actualizacións que lles afecten, así como a detección temperá de calquera incidente que teña lugar sobre os mesmos.

O proceso integral de seguridade implantado deberá ser actualizado e mellorado de forma continua. Para iso, aplicaranse os criterios e métodos recoñecidos na práctica nacional e internacional relativos á xestión da seguridade das tecnoloxías da información.

Xestión de persoal e profesionalidade

Todo o persoal propio e alleo relacionado cos sistemas de información do Concello de Rianxo, dentro do ámbito do ENS, serán formados e informados dos seus deberes, obrigas e responsabilidades en materia de seguridade. A súa actuación será supervisada para verificar que seguen os procedementos establecidos.

O significado e alcance do uso seguro do sistema concretarase e plasmará nunhas normas de seguridade que serán aprobadas pola dirección ou o órgano superior correspondente. De igual modo, determinarase os requisitos de formación e experiencia necesaria do persoal para o desenvolvemento do seu posto de traballo.

A seguridade dos sistemas de información estará atendida e será revisada e recibirá auditoría por persoal cualificado, dedicado e instruído en todas as fases do seu ciclo de vida: planificación, deseño, adquisición, construción, despregamento, explotación, mantemento, xestión de incidencias e desmantelamento.

De maneira obxectiva e non discriminatoria esixirase que as organizacións que proporcionan servizos ao concello contén con profesionais cualificados e cuns niveis idóneos de xestión e madurez dos servizos prestados.

Xestión da seguridade baseada nos riscos, análise e xestión de riscos

A análise e a xestión dos riscos será parte esencial do proceso de seguridade e será unha actividade continua e permanentemente actualizada.

A xestión dos riscos permitirá o mantemento dunha contorna controlada, minimizando os riscos a niveis aceptables. A redución a este niveis realizarase mediante unha apropiada aplicación de medidas de seguridade, de maneira equilibrada e proporcionada á natureza da información tratada, dos servizos a prestar e dos riscos aos que estean expostos.

Esta xestión realizarase por medio da análise e tratamento dos riscos aos que está exposto o sistema. Sen prexuízo do disposto no anexo II do ENS empregárase algunha metodoloxía recoñecida internacionalmente. As medidas adoptadas para mitigar ou suprimir os riscos deberán estar xustificadas e, en todo caso, existirá unha proporcionalidade entre elas e os riscos.

Incidentes de seguridade, prevención, detección, reacción e recuperación

O Concello de Rianxo dispón de procedementos de xestión de incidentes de seguridade de acordo co previsto no artigo 33, a Instrución Técnica de Seguridade correspondente, e de mecanismos de detección, criterios de clasificación, procedementos de análises e resolución, así como das canles de comunicación ás partes interesadas.

A seguridade do sistema contemplará as accións relativas aos aspectos de prevención, detección

e resposta, ao obxecto de minimizar as súas vulnerabilidades e lograr que as ameazas sobre o mesmo non se materialicen ou que, no caso de facelo, non afecten gravemente á información que manexa ou aos servizos que presta.

As medidas de prevención poderán incorporar compoñentes orientados á disuasión ou á redución da superficie de exposición, deben eliminar ou reducir a posibilidade de que as ameazas cheguen a materializarse.

As medidas de detección irán dirixidas a descubrir a presenza dun ciber-incidente.

As medidas de resposta xestionaranse en tempo oportuno, estarán orientadas á restauración da información e dos servizos que puidesen verse afectados por un incidente de seguridade.

O sistema de información garantirá a conservación dos datos e información en soporte electrónico.

De igual modo, o sistema manterá dispoñibles os servizos durante todo o ciclo vital da información dixital, a través dunha concepción e procedementos que sexan a base para a preservación do patrimonio dixital.

Existencia de liñas de defensa e prevención ante outros sistemas de información interconectados

O Concello de Rianxo está a implementar unha estratexia de protección do sistema de información constituída por múltiples capas de seguridade, constituídas por medidas organizativas, físicas e lóxicas, de tal forma que cando unha capa foi comprometida permita desenvolver unha reacción adecuada fronte aos incidentes que non puideron evitarse, reducindo a probabilidade de que o sistema sexa comprometido no seu conxunto e minimizar o impacto final sobre o mesmo.

Protexerase o perímetro do sistema de información, especialmente, cando o sistema do concello conéctase a redes públicas, tal e como se definen na lexislación vixente en materia de telecomunicacións, reforzándose as tarefas de prevención, detección e resposta a incidentes de seguridade.

En todo caso, analizaranse os riscos derivados da interconexión do sistema con outros sistemas e controlarase o seu punto de unión. Para a adecuada interconexión entre sistemas estarase ao disposto na Instrución Técnica de Seguridade correspondente.

Diferenciación de responsabilidades, organización e implantación do proceso de seguridade

O Concello de Rianxo organizou a súa seguridade comprometendo a todos os membros da corporación mediante a designación de diferentes roles de seguridade con responsabilidades

claramente diferenciadas, tal e como se recolle no apartado de “MODELO DE GOBERNANZA” desta Política.

Autorización e control dos accesos

O Concello de Rianxo implementou mecanismos de control de acceso ao sistema de información, limitándoo aos usuarios, procesos, dispositivos e outros sistemas de información, debidamente autorizados, e exclusivamente ás funcións permitidas.

Protección das instalacións

O Concello de Rianxo implementou mecanismos de control de acceso físico, previndo os accesos físicos non autorizados, así como os danos á información e aos recursos, mediante perímetros de seguridade, controis físicos e proteccións xerais en áreas.

Adquisición de produtos de seguridade e contratación de servizos de seguridade

Para a adquisición de produtos ou contratación de servizos de seguridade o Concello de Rianxo terá en conta a utilización de forma proporcionada á categoría do sistema e o nivel de seguridade determinado, aqueles que teñan certificada a funcionalidade de seguridade relacionada co obxecto da súa adquisición.

Para a contratación de servizos de seguridade atenderase ao sinalado en canto á profesionalidade.

Protección da información almacenada e en tránsito e continuidade da actividade

O Concello de Rianxo prestará especial atención á información almacenada ou en tránsito a través dos equipos ou dispositivos portátiles ou móbiles, os dispositivos periféricos, os soportes de información e as comunicacións sobre redes abertas, que deberán analizarse especialmente para lograr unha adecuada protección.

Aplicaranse procedementos que garantan a recuperación e conservación a longo prazo dos documentos electrónicos producidos polos sistemas de información comprendidos no ámbito de aplicación deste protocolo, cando iso sexa esixible.

Toda información en soporte non electrónico que sexa causa ou consecuencia directa da información electrónica á que se refire este real decreto, deberá estar protexida co mesmo grao de seguridade que esta. Para iso, aplicaranse as medidas que correspondan á natureza do soporte, de conformidade coas normas que resulten de aplicación.

Os sistemas disporán de copias de seguridade e estableceranse os mecanismos necesarios para garantir a continuidade das operacións en caso de perda dos medios habituais.

Rexistro de actividade e detección de código daniño

O Concello de Rianxo, co propósito de satisfacer o obxecto deste protocolo, con plenas garantías do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos afectados, e de acordo coa normativa sobre protección de datos persoais, de función pública ou laboral, e demais disposicións que resulten de aplicación, rexistrará as actividades dos usuarios, retendo a información estritamente necesaria para monitorizar, analizar, investigar e documentar actividades indebidas ou non autorizadas, permitindo identificar en cada momento á persoa que actúa.

Co obxecto de preservar a seguridade dos sistemas de información, garantindo a rigorosa observancia dos principios de actuación das Administracións públicas, e de conformidade co disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos e o respecto aos principios de limitación da finalidade, minimización dos datos e limitación do prazo de conservación alí enunciados, o concello poderá, na medida estritamente necesaria e proporcionada, analizar as comunicacións entrantes ou saíntes, e unicamente para os fins de seguridade da información, de forma que sexa posible impedir o acceso non autorizado ás redes e sistemas de información, deter os ataques de denegación de servizo, evitar a distribución malintencionada de código daniño así como outros danos ás anteditas redes e sistemas de información.

Para corrixir ou, no seu caso, esixir responsabilidades, cada usuario que acceda ao sistema de información deberá estar identificado de forma única, de modo que se saiba, en todo momento, quen recibe dereitos de acceso, de que tipo son estes, e quen realizou unha determinada actividade.

Infraestruturas e servizos comúns

O Concello de Rianxo terá en conta que a utilización das infraestruturas e dos servizos comúns das administracións públicas, incluídos os compartidos ou transversais, facilitará o cumprimento do disposto neste protocolo.

Perfis de cumprimento específicos e acreditación de entidades de implementación de configuracións seguras

O Concello de Rianxo terá en conta a aplicación daqueles perfís de cumprimento específicos para Entidades Locais que sexan de aplicación.

6. MODELO DE GOBERNANZA

Para garantir o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade e establecer a organización da seguridade da información adaptada ás necesidades e particularidade deste concello, propónse unha designación de roles por bloques de responsabilidade: Goberno, Supervisión e Operación.

De acordo con esta estrutura, asígnanse as seguintes responsabilidades e funcións de seguridade:

Bloque de Goberno:

- Responsable de Goberno, cuxas funcións exercita a Alcaldía-Presidencia do concello, que integra os seguintes roles e funcións ENS:
 - Comité de seguridade da información.
 - Responsable da información.
 - Responsable do servizo.

A Alcaldía-Presidencia pode delegar estes roles e/ou funcións nun concelleiro ou concelleiros.

Bloque Executivo e de Supervisión:

- Responsable de Supervisión, cuxas funcións exercita a Secretaría do Concello, e que integra o seguinte rol ENS:
 - Responsable da Seguridade.
- Delegado Protección de Datos (DPD), cuxas funcións exercitará a persoa física ou xurídica contratista do servizo de Protección de Datos, apoiando á persoa Responsable de Supervisión, con funcións de asesoramento e supervisión en materia de protección de datos.

Bloque de Operación:

- Responsable de Operación, cuxas competencias exercita a persoa coas funcións de e-Responsable do Concello de Rianxo e que integra o seguinte rol ENS:
 - Responsable do Sistema.

6.1 RESPONSABILIDADES ASOCIADAS AO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE

A continuación, detállanse e establécense as funcións e responsabilidades de cada un dos roles de seguridade ENS:

Funcións do Responsable da Información e dos Servizos

- Establecer e aprobar os requisitos de seguridade aplicables ao servizo e a información dentro do marco establecido no anexo I do Real Decreto do Esquema Nacional de Seguridade.
- Aceptar os niveis de risco residual que afecten ao Servizo e á Información.

Funcións do Responsable de Seguridade

- Manter e verificar o nivel adecuado de seguridade da Información manexada e dos servizos electrónicos prestados polos sistemas de información.
- Promover a formación e concienciación en materia de seguridade da información.
- Designar responsables da execución da análise de riscos, da declaración de aplicabilidade, identificar medidas de seguridade, determinar configuracións necesarias, elaborar documentación do sistema.
- Proporcionar asesoramento para a determinación da categoría do sistema, en colaboración co Responsable do Sistema.
- Participar na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e chegado o caso nos plans de continuidade, procedendo á súa validación.
- Xestionar as revisións externas ou internas do sistema.
- Xestionar os procesos de certificación.
- Elevar á Dirección a aprobación de cambios e outros requisitos do sistema.

Funcións do Responsable do Sistema

- Paralizar ou dar suspensión ao acceso a información ou prestación de servizo se ten o coñecemento de que estes presentan deficiencias graves de seguridade.
- Desenvolver, operar e manter o sistema de información durante todo o seu ciclo de vida.
- Elaborar os procedementos operativos necesarios.
- Definir a topoloxía e a xestión do Sistema de Información establecendo os criterios de uso e os servizos dispoñibles no mesmo.

- Asegurarse de que as medidas específicas de seguridade se integren adecuadamente dentro do marco xeral de seguridade.
- Prestar ao Responsable de Seguridade da Información asesoramento para a determinación da Categoría do Sistema.
- Colaborar, se así se lle require, na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e, chegado o caso, nos plans de continuidade.
- Levar a cabo as funcións do administrador da seguridade do sistema:
 - A xestión, configuración e actualización, no seu caso, do hardware e software nos que se basean os mecanismos e servizos de seguridade.
 - A xestión das autorizacións concedidas aos usuarios do sistema, en particular os privilexios concedidos, incluíndo a monitorización da actividade desenvolvida no sistema e a súa correspondencia co autorizado.
 - Aprobar os cambios na configuración vixente do Sistema de Información.
 - Asegurar que os controis de seguridade establecidos son cumpridos estritamente.
 - Asegurar que son aplicados os procedementos aprobados para manexar o Sistema de Información.
 - Supervisar as instalacións de hardware e software, as súas modificacións e melloras para asegurar que a seguridade non está comprometida e que en todo momento se axustan ás autorizacións pertinentes.
 - Monitorizar o estado de seguridade proporcionado polas ferramentas de xestión de eventos de seguridade e mecanismos de auditoría técnica.

6.2 FUNCIÓNS DO COMITÉ DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

As funcións propias dun Comité de Seguridade da Información son as seguintes:

- Atender as solicitudes, en materia de Seguridade da Información, da Administración e dos diferentes roles de seguridade e/ou áreas informando regularmente do estado da Seguridade da Información.
- Asesorar en materia de Seguridade da Información.
- Resolver os conflitos de responsabilidade que poidan aparecer entre as diferentes unidades administrativas.
- Promover a mellora continua do sistema de xestión da Seguridade da Información. Para

isto encargarse de:

- Coordinar os esforzos das diferentes áreas en materia de Seguridade da Información para asegurar que estes esforzos sexan consistentes, estean aliñados coa estratexia decidida na materia e evitar duplicidades.
- Propor plans de mellora da Seguridade da Información, coa súa dotación orzamentaria correspondente, priorizando as actuacións en materia de seguridade cando os recursos sexan limitados.
- Elaborar e revisar regularmente a Política de Seguridade da Información para a súa aprobación polo órgano competente.
- Velar porque a Seguridade da Información sexa tida en conta en todos os proxectos desde a súa especificación inicial ata a súa posta en operación. En particular deberá velar pola creación e utilización de servizos horizontais que reduzan duplicidades e apoiem un funcionamento homoxéneo de todos os sistemas TIC.
- Realizar un seguimento dos principais riscos residuais asumidos pola Administración e recomendar posibles actuacións respecto deles.ç
- Realizar un seguimento da xestión dos incidentes de seguridade e recomendar posibles actuacións respecto deles.
- Elaborar e revisar regularmente a Política de Seguridade da Información para a súa aprobación polo órgano competente.
- Verificar os procedementos de seguridade da información e demais documentación para a súa aprobación.
- Elaborar programas de formación destinados a formar e sensibilizar ao persoal en materia de Seguridade da Información e en particular en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Elaborar e aprobar os requisitos de formación e cualificación de administradores, operadores e usuarios desde o punto de vista de Seguridade da Información.
- Promover a realización das auditorías periódicas ENS e de protección de datos que permitan verificar o cumprimento das obrigas da Administración en materia de seguridade da Información.

Estas funcións poderán ser delegadas noutros órganos da entidade.

6.3 PROCEDEMENTO DE DESIGNACIÓN

A designación dos roles responsables identificados nesta Política realizouse pola Alcaldía-Presidencia do Concello de Rianxo e notificouse de xeito fidedigno ás partes afectadas.

Os roles de seguridade serán revisados cada catro anos. As vacantes deberán ser cubertas no prazo dun mes, seguindo o mesmo procedemento.

6.4 RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Os conflitos entre os roles Responsables serán resoltos polo Comité de Seguridade da Información.

7. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O Concello de Rianxo, en canto ao tratamento de datos persoais cumpre cos principios e obrigas da normativa vixente, entre outra o Regulamento 679/2016, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos que derroga a Directiva 95/46/CE (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, respectando, en calquera caso, o dereito fundamental á protección de datos persoais, á intimidade e o resto de dereitos fundamentais recoñecidos na lexislación vixente e tratados internacionais como na Constitución.

8. DESENVOLVEMENTO DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

O cumprimento dos obxectivos marcados nesta Política de Seguridade lévase a cabo mediante o desenvolvemento de documentación que compoñen as normas e procedementos de seguridade asociados ao cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade. Para a súa organización definiuse unha Norma para a Xestión da Documentación, que establece as directrices para a organización, xestión e acceso.

A revisión anual desta Política corresponde ao Responsable de Goberno, propoñendo no caso de que sexa necesario melloras da mesma, para a súa aprobación por parte do mesmo órgano que a aprobou inicialmente.

9. TERCEIRAS PARTES

Cando se presten servizos a outros organismos, ou se manexe información doutros organismos, faráselles partícipes desta Política de Seguridade da Información. O Concello de Rianxo definirá e aprobará as canles para a coordinación da información e os procedementos de actuación para a reacción ante incidentes de seguridade, así como o resto das actuacións que o concello leve a cabo en materia de Seguridade en relación con outros organismos.

Cando o Concello de Rianxo utilice servizos de terceiros ou ceda información a terceiros, faráos partícipes desta Política de Seguridade e da Normativa de Seguridade existente que atinxa aos ditos servizos ou información. Dita terceira parte quedará suxeita ás obrigas establecidas na mencionada normativa, podendo desenvolver os seus propios procedementos operativos para satisfacela. Estableceranse procedementos específicos de comunicación e resolución de incidencias.

Garantírase que o persoal de terceiros estea adecuadamente concienciado en materia de seguridade, polo menos ao mesmo nivel que o establecido nesta Política de Seguridade.

De igual modo, tendo en conta a obriga de cumprir co disposto nas Instrucións Técnicas de Seguridade recollida na Disposición adicional segunda (Desenvolvemento do Esquema Nacional de Seguridade) do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, e en consideración á Instrución Técnica de Seguridade, de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, onde se establece que os operadores do sector privado que presten servizos ou fornezan solucións ás entidades públicas, aos que resulte esixible o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade, deberán estar en condicións de exhibir a correspondente Declaración de Conformidade co Esquema Nacional de Seguridade cando se trate de sistemas de categoría BÁSICA, ou a Certificación de Conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, cando se trate de sistemas de categorías MEDIA ou ALTA.

Cando algún aspecto desta Política de Seguridade non poida ser satisfeito por unha terceira parte segundo se require nos parágrafos anteriores, requírase un informe do Responsable de Seguridade que precise os riscos en que se incorre e a forma de tratalos. O dito informe deberá ser aprobado polos responsables da información e os servizos, con carácter previo ao inicio da relación coa terceira parte.

10. APROBACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

Este documento será aprobado polo Pleno da Corporación do Concello de Rianxo.

Esta Política de Seguridade da Información será efectiva desde a data de aprobación e ata que sexa substituída por una nova Política.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 27/03/2024 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 156 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

3 PROPOSTA DA ALCALDÍA DEDICACIÓNS PARCIAIS

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Considerando necesaria a dedicación parcial de tres concellerías para o exercicio das responsabilidades que supoñen as delegacións especiais encomendadas polo señor Alcalde de dirección, impulso e coordinación nas respectivas materias de:

Deportes e Saúde. Educación e Cultura. Administración Xeral e Servizos Económicos.

Benestar Social, Igualdade, Maiores e Xuventude.

Obras e Servizos Básicos. Medioambiente.

Examinado o procedemento incoado para sinalar as retribucións da Alcaldía e os concelleiros responsables das Áreas que se conteñen no presente, co informe de Intervención, con base no preceptuado no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e estudadas as especiais características do Concello, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:

Recoñecer a **dedicación parcial** ao cargo de concelleiro/a delegado/a con delegación especial nas seguintes materias:

- Concellería Delegada de Deportes e Saúde. Educación e Cultura. Administración Xeral e Servizos Económicos.

O cargo que se desempeñen con dedicación parcial deberán ter unha presenza efectiva mínima no concello de 30 horas semanais.

A retribución que percibirán o membro da Corporación que desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación parcial percibirán unha retribución de **19.000 €** brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as

dúas restantes, de carácter extraordinario, que se devindicarán o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e tras a súa xustificación.

TERCEIRO.

Recoñecer a **dedicación parcial** aos cargos de concelleiros/as delegados con delegación especial nas seguintes materias:

- Concellería Delegada de Obras e Servizos Básicos. Medioambiente.
- Concellería Delegada de Benestar Social, Igualdade, Maiores e Xuventude.

Os cargos que se desempeñe con dedicación parcial deberán ter unha presenza efectiva mínima no concello de 25 horas semanais.

A retribución que percibirán os membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial percibirán unha retribución de **16.000 €** brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que se devindicarán o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e tras a súa xustificación.

CUARTO.

Solicitar ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

QUINTO

Asumir o pagamento da cota empresarial que corresponda.

SEXTO

Este acordo ten eficacia dende o día seguinte a súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da necesaria modificación das Bases de execución do Orzamento.

SÉTIMO

Aprobar a modificación do apartado 1º) da base 26ª das Bases de execución do Orzamento prorrogado en 2024, que quedaría como segue:

"BASE 26ª: RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1º) As retribucións por dedicacións dos membros do Concello serán :

<i>Tipo de dedicación</i>	<i>Cargo</i>	<i>Retribución anual por posto</i>
<i>Dedicación exclusiva</i>	<i>Alcalde</i>	<i>45.000,00 €</i>
<i>Dedicación parcial</i>	<i>- Concelleiro/a Delegada/o de Deportes e Saúde. Educación e Cultura. Administración Xeral e Servizos Económicos.</i>	<i>19.000,00 €</i>
	<i>- Concelleiro/a Delegada/o de Benestar Social, Igualdade, Maiores e Xuventude.</i>	<i>16.000,00 €</i>
	<i>- Concelleiro/a Delegada/o de Obras e Servizos Básicos. Medioambiente.</i>	<i>16.000,00 €</i>

Dedicación exclusiva do alcalde

Esixiráselle a dedicación á delegación de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fóra deste horario.

A retribución que percibirá será de 45.000 € brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que se devindicarán o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e tras a súa xustificación.

Dedicación parcial da Concellería Delegada de Deportes e Saúde. Educación e Cultura. Administración Xeral e Servizos Económicos.

Esixiráselle a dedicación á delegación de xeito exclusivo no horario, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fóra deste horario. O cargo que se desempeñen con dedicación parcial deberán ter unha presenza efectiva mínima no concello de 30 horas semanais.

A retribución que percibirán os membro da Corporación que desempeñen o seu cargo en réxime desta dedicación parcial será de 19.000 € brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas

ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que se devindicarán o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e tras a súa xustificación.

Dedicación parcial da Concellería Delegada de Obras e Servizos Básicos. Medioambiente e da Concellería Delegada de Benestar Social, Igualdade, Maiores e Xuventude.

Esixiráselle a dedicación á delegación de xeito exclusivo no horario establecido, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fóra deste horario. O cargo que se desempeñen con dedicación parcial deberán ter unha presenza efectiva mínima no concello de 25 horas semanais.

A retribución que percibirán os membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial percibirán unha retribución de 16.000 € brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que se se devindicarán o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e tras a súa xustificación. "

OITAVO

Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

NOVENO

Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, considerárase definitivamente aprobada a modificación de BEO, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 27/03/2024 na que se ditaminou desfavorablemente.

Ábrese unha quenda de intervencións

O voceiro do grupo municipal PSOE, presenta a seguinte **Emenda as Dedicacións parciais** .-
Proposta de Alcaldía 04.04.2024

Suxerimos

- Modificar as dedicacións establecidas na proposta de Alcaldía, co fin de complementar os salarios non percibidos dende Xullo 2023.

A proposta deste Grupo Municipal é

- 1º tenente Alcalde: 22000€ anuais/brutos
- 2º tenente Alcalde: 19000€ anuais/brutos
- 4º Concelleiro : 19000€ anuais/brutos
- Establecer un mecanismo de revisión periódica das asignacións de dedicacións parciais, co fin de adaptarse a posibles cambios nas demandas do servizo e asegurar a flexibilidade necesaria para responder de maneira efectiva ás necesidades emerxentes.
- Recomendamos a creación dun comité consultivo que inclúa representantes dos grupos municipais, co propósito de avaliar e supervisar o proceso de asignación de dedicacións parciais, garantindo así a transparencia e a participación na toma de decisións futuras.

Agardamos

Esta emenda busca fortalecer o proceso de designación de dedicacións parciais, promovendo unha distribución, así como unha maior participación e transparencia na toma de decisións relacionadas coa xestión de recursos humanos.

Rematado o debate, sométese a VOTACIÓN, a proposta inicial coa emenda realizada polo Grupo Municipal do PSOE, obtendo 8 votos a favor (4 dos membros do grupo Rianxo en Común e 4 dos membros do grupo PSOE), dous votos en contra (2 dos membros do grupo BNG) e cinco abstencións (dos 5 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resultando **APROBADA coa emenda presentada**.

PARTE DE CONTROL

4 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/02/2024 ata o 29/02/2024, que comprenden os números 87/2024 ao 195/2024, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 3 da Sesión ordinaria do día 01/02/2024
- Acta nº 4 da Sesión ordinaria do día 15/02/2024

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

5 DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2025-27 (POMP 2025-27)

Dáse conta da proposta presentada:

Expte.: 2024/X999/000359

Dáselle conta ao Pleno da Resolución da Alcaldía núm. 257, do 15/03/2024, pola que se aprobou o Plan Orzamentario a Medio Prazo 2025-27:

A Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información sobre os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais.

O artigo 5 da dita Orde establece a obriga de que a remisión da información antedita se realice por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións públicas (MINHAP) habilite ao efecto.

Actualmente, a situación é de prórroga orzamentaria, polo que partírase das previsións iniciais do orzamento prorrogado, salvo no tocante aos gastos derivados da débeda, que se estiman a partir dos datos actuais de capital vivo e dos importes actualizados das amortizacións ordinarias.

O contexto actual que afecta a economía a medio prazo caracterízase, fundamentalmente, por unha inflación máis elevada do desexable, de incremento dos tipos de xuro para a súa contención e de medidas expansivas por parte da Unión Europea para a modernización das infraestruturas,

sobre todo tecnolóxicas. En 2024 deixou de operar a suspensión das regras fiscais, volvendo ao modelo anterior de estabilidade orzamentaria.

Actualmente, a Corporación está traballando na elaboración do Orzamento 2025, polo que tomaranse de base os datos do orzamento prorrogado.

1. INGRESOS

Ante a situación descrita, considérase necesario considerar un escenario prudente na estimación dos ingresos, de modo que o único ingreso extraordinario previsto é o derivado da inspección do IAE.

1.1 Tributos

O incremento dos ingresos liquidados en concepto de tributos é un incremento tendencial, do 2 por cento no IBI e do 1 por cento no caso do IVTM. Estímase unha previsión de 60.000 € en concepto de IIVTNU, como consecuencia dunha actualización das liquidacións atrasadas. No período 2025-27 reducirase novamente.

Como xa indiquei anteriormente, prevese un incremento nas liquidacións do IAE en previsión da posta en marcha de procedementos inspectores.

A) Detalle de ingresos correntes	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
Cap 1 y 2: Impuestos directos e indirectos	2.819.676,15	3,98%	2.931.979,44	-0,98%	2.903.293,13	1,67%	2.951.840,11
Ibi	2.059.535,47	2,00%	2.100.726,18	2,00%	2.142.740,70	2,00%	2.185.595,52
Iae	76.336,63	100,00%	152.673,26	-50,00%	76.336,63	0,00%	76.336,63
Ivtn	558.000,00	1,00%	563.580,00	1,00%	569.215,80	1,00%	574.907,96
Iivtnu	60.000,00	-75,00%	15.000,00	0,00%	15.000,00	0,00%	15.000,00
Icio	65.804,05	51,97%	100.000,00	0,00%	100.000,00	0,00%	100.000,00
Cesión impostos estado					0,00		
Ingresos cap 1 y 2 non incluídos					0,00		

A) Detalle de ingresos corrientes	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
anter.							
Cap 3. taxas, precios pº y otros	1.470.013,00	1,00%	1.484.713,13	4,00%	1.544.101,66	4,00%	1.605.865,72
Cap 4. Transferencias crr	3.432.404,09	1,51%	3.484.154,26	33,51%	3.523.743,14	1,14%	3.563.925,86
PTE	2.392.552,97	10,31%	2.639.258,77	1,50%	2.678.847,65	1,50%	2.719.030,37
Resto cap 4	1.039.851,12	-18,75%	844.895,49	0,00%	844.895,49	0,00%	844.895,49
Capítulo 5. Ingresos patrimoniales	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00
Total de ingresos corrientes	7.722.093,24	2,31%	7.900.846,83	0,89%	7.971.137,93	1,89%	8.121.631,68

1.2 Transferencias e subvencións correntes

En 2024 prevese a subvención extraordinaria que compensa a perda de ingresos pola devolución do saldo negativo da PIE 2021. Por este motivo, a contía de transferencias correntes redúcese con respecto do 2024, pois non prevé o dito ingreso extraordinario. Por outra banda, a contía das entregas a conta da PIE (sen deducirille os reintegros) prevén un incremento do 2 por cento en 2025 e do 1,5 por centro no 2026 e 2027.

A) Detalle de ingresos corrientes	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
Cap 4. Transferencias crr	3.432.404,09	1,51%	3.484.154,26	33,51%	3.523.743,14	1,14%	3.563.925,86
PTE	2.392.552,97	10,31%	2.639.258,77	1,50%	2.678.847,65	1,50%	2.719.030,37
Resto cap 4	1.039.851,12	-18,75%	844.895,49	0,00%	844.895,49	0,00%	844.895,49

1.3 Transferencias de capital

Seguiuse un criterio análogo ao das subvencións correntes. O único incremento que se registrou foi o da concesión para a rehabilitación do Pazo do Martelo por 978.710 €. Imputouse no exercicio 2024 para unha mellor comprensión dos seus efectos orzamentarios globais, pois prevese que a execución do investimento será nese ano.

A) Detalle de ingresos de capital	de Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
Capítulo 6. Enajenación de inversiones	0,00		0,00		0,00		0,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	1.378.710,00	-70,99%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Total de ingresos de capital	1.378.710,00	-70,99%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00

1.4 Ingresos financeiros

Non se prevé novo endebedamento no período 2025-27.

A) Detalle de ingresos financeiros	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	1.090.639,26		0,00		0,00		0,00
Total de ingresos financeiros	1.100.639,26	-99,09%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00

1.6 Resumo

Ingresos	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
Ingresos	7.722.093,24	2,31%	7.900.846,83	0,89%	7.971.137,93	1,89%	8.121.631,68

Ingresos	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
corrientes							
Derivados de evolución tendencial	7.722.093,24	1,33%	7.824.510,20	1,87%	7.971.137,93	1,89%	8.121.631,68
Derivados de modificaciones de políticas	0,00	0,00%	76.336,63	-100,00%	0,00	0,00%	0,00
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exenciones y bonificaciones voluntarias							
Medida 2: Potenciar la inspección tributaria para descubrir hechos imposables no gravados			76.336,63				
Medida 3: Correcta financiación de taxas y precios públicos							
Medida : Otras medidas por el lado de los ingresos							
Ingresos capital	1.378.710,00	-70,99%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Derivados de evolución tendencial	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Derivados de modificaciones de políticas	978.710,00						
Ingresos financieros	9.100.803,24	-8,79%	8.300.846,83	0,85%	8.371.137,93	1,80%	8.521.631,68

Ingresos	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
Derivados de evolución tendencial	8.122.093,24	1,26%	8.224.510,20	1,78%	8.371.137,93	1,80%	8.521.631,68
Derivados de modificaciones políticas	978.710,00	-92,20%	76.336,63	-100,00%	0,00	0,00%	0,00
Ingresos financieros	1.100.639,26	-99,09%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00
Derivados de evolución tendencial	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00
Derivados de modificaciones políticas	1.090.639,26		0,00				
Ingresos totales	10.201.442,50	-18,53%	8.310.846,83	0,85%	8.381.137,93	1,80%	8.531.631,68
Derivados de evolución tendencial	8.132.093,24	1,26%	8.234.510,20	1,78%	8.381.137,93	1,80%	8.531.631,68
Derivados de modificaciones políticas	2.069.349,26	-96,31%	76.336,63	-100,00%	0,00	0,00%	0,00

2. GASTOS

En canto á evolución dos gastos, seguíronse os seguintes criterios:

- ✓ Consideración de incremento da masa salarial.
- ✓ Contención do gasto en bens correntes e servizos.
- ✓ Consideración da carga financeira ordinaria das operacións de endebedamento a longo prazo formalizadas.
- ✓ Estableceuse en 150.000 € o esforzo investidor municipal (investimentos reais - transferencias de capital), co fin de manter o equilibrio orzamentario.

✓ O investimento máis importante é o relativo á rehabilitación do Pazo de Martelo.

A) Detalle de gastos correntes	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
Capítulo 1. Gastos de personal	3.228.300,00	2,00%	3.292.866,00	2,00%	3.358.723,32	2,00%	3.425.897,79
Capítulo 2. Gastos corrientes en bienes y servicios	4.004.411,25	1,00%	4.044.455,36	1,00%	4.084.899,92	1,00%	4.125.748,92
Capítulo 3. Gastos financieros	53.433,60	12,29%	60.000,00	-16,67%	50.000,00	-20,00%	40.000,00
Capítulo 4. Transferencias corrientes	265.029,00	0,00%	265.029,00	0,00%	265.029,00	0,00%	265.029,00
Total de gastos correntes	7.551.173,85	1,47%	7.662.350,36	1,26%	7.758.652,24	1,26%	7.856.675,70

A) Detalle de gastos de capital	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2026/25	Año 2026 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2027 (€)
Capítulo 6. Inversiones reales	1.913.299,08	-71,25%	550.000,00	0,00%	550.000,00	0,00%	550.000,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00		0,00
Total de gastos de capital	1.913.299,08	-71,25%	550.000,00	0,00%	550.000,00	0,00%	550.000,00

A) Detalle de gastos financeiros	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
Capítulo 8. Gastos por activos	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00

A) Detalle de gastos financieros	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
financieros							
Capítulo 9. Gastos pasivos financieros	217.448,40	52,00%	330.517,96	-6,83%	307.957,54	0,00%	307.957,54
Total de gastos financieros	227.448,40	49,71%	340.517,96	-6,63%	317.957,54	0,00%	317.957,54

A amortización prevista é a seguinte:

Préstamo	Entidade	Prazo de amortización	Capital pendente 31/12/2023	Amortización ordinaria 2024	Amortización total	Capital pendente 31/12/2024	Xuros
PAI 2015	Deputación Provincial	2025-34	204.423,20	0,00	0,00	204.423,20	
PAI 2016	Deputación Provincial	2026-35	222.852,95	0,00	0,00	222.852,95	
POS 2017	Deputación Provincial	2025-34	184.769,03	0,00	0,00	184.769,03	
POS 2018	Deputación Provincial	2026-35	235.184,48	0,00	0,00	235.184,48	
POS 2019	Deputación Provincial	2025-34	187.077,56	0,00	0,00	187.077,56	
POS 2020	Deputación Provincial	2026-35	205.817,02	0,00	0,00	205.817,02	
POS 2021	Deputación Provincial	2025-34	56.574,89	0,00	0,00	56.574,89	
POS 2023	Deputación Provincial	2025-34	5.200,31	0,00	0,00	5.200,31	
534588 PAZO DE RIANXIÑO	Banco Sabadell	30/06/2021-31/03/2029	933.279,61	177.767,60	177.767,60	755.512,01	44.000,00
489825 IDAE	Banco Sabadell	05/09/2021-30/06/2025	62.241,22	39.680,80	39.680,80	22.560,42	4.800,00
68910-8 PAZO DE	Abanca	01/01/2026-	1.090.639,26	0,00	0,00	1.090.639,26	26.500,00

Préstamo	Entidade	Prazo de amortización	de Capital pendente 31/12/2023	Amortización ordinaria 2024	Amortización total	Capital pendente 31/12/2024	Xuros
MARTELO		01/10/20243					
Total			2.297.420,27	217.448,40	217.448,40	2.079.971,87	48.800,00

Préstamo	Entidade	Prazo de amortización	de Amortización ordinaria+extraordinaria 2025	Amortización ordinaria+extraordinaria 2026	Amortización ordinaria+extraordinaria 2027
PAI 2015	Deputación Provincial	2025-34	20.442,32	20.442,32	20.442,32
PAI 2016	Deputación Provincial	2026-35	22.285,30	22.285,30	22.285,30
POS 2017	Deputación Provincial	2025-34	18.476,90	18.476,90	18.476,90
POS 2018	Deputación Provincial	2026-35	23.518,45	23.518,45	23.518,45
POS 2019	Deputación Provincial	2025-34	18.707,76	18.707,76	18.707,76
POS 2020	Deputación Provincial	2026-35	20.581,70	20.581,70	20.581,70
POS 2021	Deputación Provincial	2025-34	5.657,49	5.657,49	5.657,49
POS 2023	Deputación Provincial	2025-34	520,03	520,03	520,03
534588 PAZO DE RIANXIÑO	Banco Sabadell	30/06/2021-31/03/2029	177.767,60	177.767,60	177.767,60
489825 IDAE	Banco Sabadell	05/09/2021-30/06/2025	22.560,42		
68910-8 PAZO DE MARTELO	Abanca	01/01/2026-01/10/20243	0,00	60.591,08	60.591,08
Total			330.517,96	307.957,54	307.957,54

Resumo

Gastos	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
Gastos corr	7.551.173,85	1,47%	7.662.350,36	1,26%	7.758.652,24	1,26%	7.856.675,70
Derivados de evolución tendencial	7.551.173,85	1,47%	7.662.350,36	1,26%	7.758.652,24	1,26%	7.856.675,70
Derivados de modificaciones políticas	0,00		0,00		0,00		0,00
Medida 1: Reducción de costes de personal							
Medida 2: Regulación del régimen laboral y retrib							
Medida 3: Limitación de salarios en los contratos							
Medida 4: Reducción del nº consejeros							
Medida 5: Regulación de cláusulas indemnizatorias							
Medida 6: Reducción del personal de confianza							
Medida 7: Contratos a internalizar							
Medida 8: Disolución de empresas pdas.							

Gastos	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
Mdida 9: Estudios de viabilidad en inv							
Medida 10: Reducción de cttos menores							
Medida 11: Reducción de cargas admtvas							
Medida 12: Reorganización							
Medida 13: Reducción estructura organiz							
Medida 14: Reducción servicios oblig							
Medida 15: Otras							
Gastos de capital	1.913.299,08	-71,25%	550.000,00	0,00%	550.000,00	0,00%	550.000,00
Derivados de evolución tendencial	1.913.299,08	-71,25%	550.000,00	0,00%	550.000,00	0,00%	550.000,00
Derivados de modificaciones políticas							
Medida 16: No ejecución inversión							
Medida 17: Otras							
Gastos no financieros	9.464.472,93	-13,23%	8.212.350,36	1,17%	8.308.652,24	1,18%	8.406.675,70
Derivados de la evolución tendencial	9.464.472,93	-13,23%	8.212.350,36	1,17%	8.308.652,24	1,18%	8.406.675,70

Gastos	Año 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Año 2025 (€)	% taxa variación 2025/26	Año 2026 (€)	% taxa variación 2026/27	Año 2027 (€)
Derivados de modificaciones políticas	0,00		0,00		0,00		0,00
Gastos financieros	227.448,40	49,71%	340.517,96	-6,63%	317.957,54	0,00%	317.957,54
Derivados de evolución tendencial	227.448,40	49,71%	340.517,96	-6,63%	317.957,54	0,00%	317.957,54
Derivados de modificaciones políticas							
Gstos totales	9.691.921,33	-11,75%	8.552.868,33	0,86%	8.626.609,78	1,14%	8.724.633,25
Derivados de evolución tendencial	9.691.921,33	-11,75%	8.552.868,33	0,86%	8.626.609,78	1,14%	8.724.633,25
Derivados de modificaciones políticas	0,00		0,00		0,00		0,00

3. ENDEBEDAMENTO E OUTROS

Os datos de endebedamento previstos a 31 de decembro de cada un dos exercicios do período 2024-27 son:

Concepto	Importe	Débeda viva/ingresos correntes
Débeda viva 31/12/2024	2.079.971,87	0,27
Débeda viva 31/12/2025	1.749.453,91	0,22
Débeda viva 31/12/2026	1.441.496,36	0,18
Débeda viva 31/12/2027	1.133.538,82	0,14

Os axustes SEC cuantificáronse en -50.000 € en todos os exercicios do período, seguindo un criterio de prudencia. Exceptúase o exercicio 2024, que se estima en 500.000 € porque se estima unha redución moi importante dos gastos pendentes de imputación orzamentaria, incluídos no saldo da conta (4131X).

De todo o anterior, resulta que o concello cumpriría en todos os exercicios o obxectivo de estabilidade orzamentaria:

Ano	Saldo de operacións non financeiras	Axustes SEC	Capacidade de financiamento
2024	-363.669,69	500.000,00	136.330,31
2025	88.496,47	-50.000,00	38.496,47
2026	62.485,69	-50.000,00	12.485,69
2027	114.955,98	-50.000,00	64.955,98

4. PASIVOS CONTINXENTES

Estímanse en 250.000 €, en concepto da compensación reclamada pola concesionaria dos servizos de saneamento e abastecemento de auga para o re-equilibrio económico-financeiro.

En virtude da competencia atribuída a esta Alcaldía, de acordo co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Aprobar o plan orzamentario a medio prazo 2025-27. cos datos indicados nos antecedentes.

SEGUNDO

Remitirle ao Ministerio de Facenda e por parte da Intervención Municipal a dita información a través da aplicación de captura da Oficina Virtual coas Entidades Locais.

TERCEIRO

Darlle conta ao Pleno deste acordo na próxima sesión que se celebre.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

6 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: AMOSAR O REXEITAMENTO DESTE CONCELLO AO PROXECTO DE INDUSTRIA TÉXTIL A BASE DE CELULOSA QUE SE PRETENDE INSTALAR NO CONCELLO DE PALAS DE REI, POLA SÚA AFECCIÓN AO MEDIO AMBIENTE DO ULLA E DA RÍA DE AROUSA

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Rianxo presenta ao Pleno da Corporación de RIANXO a seguinte MOCIÓN:

Para amosar o rexeitamento deste Concello ao proxecto de Industria Téxtil a base de celulosa que se pretende instalar no Concello de Palas de Rei, pola súa afección ao medio ambiente do Ulla e da ría de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de marzo de 2024 publicábase no Diario Oficial de Galicia un anuncio da CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN a través a Secretaria Xeral de Industria sometendo a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas. Dito proxecto foi declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2022, para implantar no concello de Palas de Rei.

Dito proxecto consideramos que afectará gravemente ao patrimonio cultural e natural da comarca da Ulloa e límites. Así mesmo afectará ás augas ao envelenar con compostos químicos e materia orgánica tanto o río Ulla como a ría de Arousa; asemade vai emitir gases contaminantes que estragarán cultivos e afectarán directamente a saúde das persoas e da terra. A implantación desta fábrica repercutirá dun xeito negativo sobre o tecido socioeconómico da bacía hidrográfica e da ría de Arousa, provocando a perda de postos de traballo, a desvalorización das terras e das pymes e favorecendo o despoboamento.

Pretenden instalar dúas factorías: unha para elaborar 400.000 T/ano de CELULOSA solúbel e outra que transformaría a celulosa solúbel en fibra téxtil LYOCCELL, unhas 200.000 T/ano, a só 2 qm do Camiño de Santiago. Polas verteduras que estiman no proxecto, e debido ao estado do encoro de Portodemouros (a 1,5 km do punto de vertido), será unha industria contaminante de augas que requirirá grandes cantidades de auga, enerxía e eucaliptos, ademais da cantidade de tráfico rodado que virá asociado ao transporte da madeira e do produto.

O proxecto ocupará 366 ha, destruindo hábitats de altísimo valor ecolóxico, incluídos na proposta de ampliación da Rede Natura, con poboacións de especies protexidas, destacando tres delas, catalogadas en perigo de extinción en Galicia: Armeria merinoi, Santolina melidensis e Leucanthemum gallaecicum, endemismos estritos das serpentinias do centro de Galicia.

A eucaliptización será a nova paisaxe da zona centro de Galicia, xa que se precisa dunhas 60.000 ha de eucalipto (4000 ha/ano x 15 anos que tardar de promedio en medrar). Estas árbores consumen unha elevada cantidade de auga (20 veces máis que carballos ou castiñeiros) e son especies pirófitas, razón suficiente para a prohibición das novas plantacións en Portugal, despois dos gravísimos incendios forestais do 2017 onde perderon a vida decenas de persoas.

A solicitude de concesión de augas (75 anos) para a captación de auga é de 640 l/seg (máis de 46 millóns de litros diarios). Isto é, superior á cantidade (630 l/seg) que o proxecto de Augas de Galicia impulsa para mellorar a captación en Padrón para abastecer ás 93.000 persoas das marxes da ría de Arousa.

Sendo o consumo promedio de auga en Galicia de 130l/habitante/día, Greenfiber empregará a mesma cantidade que 353.850 habitantes/día, cantidade superior á que consumen os habitantes da provincia de Lugo nun día. Hai que salientar que máis do 65% da auga que toman do encoro volverá ao río contaminada con químicos e materia orgánica, deteriorando aínda mais a calidade da auga ao longo do río Ulla. A calidade da auga que vai chegar á ría de Arousa será claramente menor: menos auga e máis contaminación. Isto vai afectar dun xeito radical á biodiversidade e produtividade de mariscos da ría de Arousa. Sobre todo neste momento crucial no que hai menos nordés e menos afloramento o que significa menor renovación das augas da ría e maior debilidade do marisco. Unha ría que é fonte de riqueza e de emprego para milleiros de persoas reais (nas conserveiras, no marisqueo, na acuicultura, na pesca artesanal) e que non podemos nin queremos prexudicar.

Esta fábrica será unha macrocelulosa de produción non sostible depredadora dos nosos recursos, que consumirá e degradará un ben esencial para a nosa vida: a auga, e que destruirá áreas de excepcional valor ecolóxico producindo un gran impacto na zona onde se pretende implantar.

Polo exposto solicitamos ao pleno da Corporación Municipal adopte os seguintes

ACORDOS

1. Amosar á Xunta de Galicia o **REXEITAMENTO** do proxecto para a implementación da industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L.
2. Instar a unha declaración negativa, para a **NON autorización ambiental integrada (AAI)**, así como do Estudo de impacto ambiental (EIA).
3. Demandar a **NON declaración de utilidade pública**.
4. Impulsar as alegacións deste Concello e doutros colectivos e persoas e dirixilas á Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia antes do 17 de abril.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 27/03/2024.na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a moción nos termos desta.

PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: BONIFICACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO PARA MAIORES DE 65 ANOS OU PERSOAS XUBILADAS

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a BONIFICACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO PARA MAIORES DE 65 ANOS OU PERSOAS XUBILADAS, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, resultando **NON APROBADA a citada inclusión** por 11 votos en contra dos membros dos grupos municipais do BNG, PP e Rianxo en Común e con 4 votos a favor do grupo municipal PSOE dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE DO PASEO MARÍTIMO DE RIANXO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE DO PASEO MARÍTIMO DE RIANXO, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, resultando **NON APROBADA** a citada inclusión por 11 votos en contra dos membros dos grupos municipais do BNG, PP e Rianxo en Común e con 4 votos a favor do grupo municipal PSOE dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: CREACIÓN DUN PACTO LOCAL NO COMERCIO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a CREACIÓN DUN PACTO LOCAL NO COMERCIO, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, resultando **NON APROBADA** a citada inclusión por 11 votos en contra dos membros dos grupos municipais do BNG, PP e Rianxo en Común e con 4 votos a favor do grupo municipal PSOE dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

7 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:

de7e0a7832a5b62cf9d9bd2dc8694cb0e5968db8cd36bf3c2b62aa13ace69e6a

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=aaJ1FVHbxOA>